

ADMISIÓN ALUMNADO 2024-2025

O prazo de presentación das solicitudes ordinarias de admisión será dende o día **1 ao 20 de marzo de 2024**, ambos incluídos.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Prefefiblemente por vía Electrónica: As persoas solicitantes farano a través da aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admision> alumnado) para o que será necesario dispoñer dun **certificado de identidade e sinatura dixital** ou **Chave365** .

O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e achegalo coa solicitude (anexo II) xunto coa outra documentación.

Presencial: Presentarase **unha única solicitude en horario de 9,30 a 13.00 horas**, na que poderán relacionar até seis centros por orde de preferencia. A dita solicitude pódese descargar de programa de admisionalumnado ou solicitala na conserxaría do centro.

DOCUMENTOS A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

- Documentación acreditativa do requisito de idade do/a alumno/a (copia DNI, libro de familia, ou calquera outro documento que o xustifique).
- Documentación acreditativa de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa (certificado de matrícula expedido polo centro de procedencia ou calquera outro documento que o xustifique).
- Os representantes legais do alumnado deberán indicar se presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas).
- A solicitude deberá estar asinada por calquera dos proxenitores, titores ou acolledores. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e o consentimento (anexo II-bis). Nas situacións de violencia de xénero non é necesaria a sinatura da persoa agresora.